

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE XUÑO DE 2023

Ás 9:00 horas do día 9 de xuño de 2023, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, por motivos técnicos, en sesión presencial na Sala da Mesa de Contratación sita no segundo andar da Casa do Concello, convocada pola presidenta o 6 de xuño de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU" (1632-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U - AVAN INTEGRAL SL (UTE cunha porcentaxe de participación dun 80 % e 20 %, respectivamente)

- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:01	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14D-C4D127-EFA6AF-DG1S7D-3SUHQ8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. ORECO BALGON, S.A.: en concreto deberá presentar un novo DEUC de TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.U. asinado dixitalmente coa parte II "Información sobre o operador económico" correctamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado á pregunta "Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?" contesta que SI e do resto da documentación aportada dedúcese que TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.U. concorre como terceiro e non como membro dunha UTE.
2. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.: en concreto deberá:
 - Presentar un novo Anexo II no que figurara o compromiso de cumprir o plan antifraude do Concello de Vigo, tal e como figura no modelo incluído no PCAP do presente procedemento.
 - Presentar un novo DEUC de TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.U. asinado dixitalmente coa parte II "Información sobre o operador económico" correctamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado á pregunta "Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?" contesta que SI e do resto da documentación aportada dedúcese que TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.U. concorre como terceiro e non como membro dunha UTE.
3. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA S.L. (UTE cunha porcentaxe de participación dun 50 % e 50 %, respectivamente): en concreto deberá:
 - Presentar novos Anexos II das empresas XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e CONSTRUCCIONES OREGA S.L. nos que figure o compromiso de cumprir o plan antifraude do Concello de Vigo, tal e como figura no modelo incluído no PCAP do presente procedemento.
 - Presentar un novo DEUC de TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.U. asinado dixitalmente coa parte II "Información sobre o operador económico" correctamente cumprimentada, dado que no DEUC presentado á pregunta "Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?" contesta que SI e do resto da documentación aportada dedúcese que TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.U. concorre como terceiro e non como membro dunha UTE.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12024-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:01	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14D-C4D127-EFA6AF-DG1S7D-3SUHQ8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Servizo de Igualdade o 5 de xuño de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

A Mesa acepta este informe e acorda excluír deste procedemento a ALVALOP SERVICIOS XXI por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I – FEC- do PCAP ("De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos como mínimo), respecto á máxima posible (45 puntos) neste criterio. As proposicións que obteñan unha puntuación inferior ao 50% resultarán excluídas da licitación").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, a secretaría lembra á Mesa de contratación que na súa sesión de data 1 de xuño de 2023 entregouse informe asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía o 29 de maio de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", acordando a Mesa, por unanimidade, deixar este asunto pendente de estudo.

Realizado o estudo do devandito informe, a Mesa acepta, por unanimidade, o mesmo que pasa a publicarse no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12025-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade o 5 de xuño de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

A Mesa acepta este informe e acorda excluír deste procedemento a SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I –FEC- do PCAP ("De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos como mínimo), respecto á máxima posible (45 puntos) neste criterio. As proposicións que obteñan unha puntuación inferior ao 50% resultarán excluídas da licitación").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:01	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14D-C4D127-EFA6AF-DG1S7D-3SUHQ8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12024-224)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do contrato	Maior experiencia laboral dos medios persoais para adscribir ao servizo
1	Xermolo Dinamización Sociocultural SL	30.000,00 €	30 meses

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18.1.b do PCAP, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:

	Licitador	Redución do prezo do contrato	Maior experiencia laboral dos medios persoais para adscribir ao servizo
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL	35 puntos	20 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (25,50 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL	42,25	55,00	97,25

b) Procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101)



A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Incremento do fluxo informativo mínimo esixido na cláusula II.1 do PPT con relación as noticias diarias dos niveis informativos	Servizo de información de noticias e alertas en lingua galega
1	EUROPA PRESS DELEGACIONES SA	19.151,88 €	<ul style="list-style-type: none"> - Nivel nacional 200 noticias a maiores do mínimo esixido no PPT. - Nivel internacional 100 noticias a maiores do mínimo esixido no PPT. - Nivel autonómico 40 noticias a maiores do mínimo esixido no PPT - Nivel local 10 noticias a maiores do mínimo esixido no PPT 	SI

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos na cláusula 17 do PCAP, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:

	Licitador	Redución do prezo	Incremento do fluxo informativo mínimo esixido na cláusula II.1 do PPT con relación as noticias diarias dos niveis informativos	Servizo de información de noticias e alertas en lingua galega
1	EUROPA PRESS DELEGACIONES SA	20 puntos	40 puntos	10 puntos

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (25,50 puntos), a puntuación total é a seguinte:



	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	EUROPA PRESS DELEGACIONES SA	30,00	70,00	100,00

c) Procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12025-224)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Maior experiencia laboral dos medios persoais a adscribir ao servizo (técnica de biblioteca) na xestión de fondos de documentación (a maiores do mínimo de 6 meses)
1	Xermolo Dinamización Sociocultural SL	26.428,73 €	24,6 meses

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18.1.b do PCAP, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:

	Licitador	Redución do prezo	Maior experiencia laboral dos medios persoais a adscribir ao servizo (técnica de biblioteca) na xestión de fondos de documentación (a maiores do mínimo de 6 meses)
1	Xermolo Dinamización Sociocultural SL	35,00	20,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:01	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14D-C4D127-EFA6AF-DG1S7D-3SUHQ8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (25,50 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL	44,50	55,00	99,50

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10077-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 5 de xuño de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación e o informe que corrixe o anterior, a causa dun erro de cálculo aritmético no mesmo, de data 7 de xuño de 2023 asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica.

A Mesa acepta por unanimidade este último informe ao que acto seguido se lle da publicidade no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10077-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de equipos informáticos para usuario (10077-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntos totais da oferta
1	HERBECON SYSTEMS, S.L.	64.04
2	MARKA INFORMÁTICA, S.L.	58.04

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, HERBECON SYSTEMS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:01	Páxina 7 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14D-C4D127-EFA6AF-DG1S7D-3SUHQ8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12024-224)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de maio de 2023, de ALVALOP SERVICIOS XXI por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I –FEC-do PCAP (“De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos como mínimo), respecto á máxima posible (45 puntos) neste criterio. As proposicións que obteñan unha puntuación inferior ao 50% resultarán excluídas da licitación”)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12024-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL	97,25

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:01	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14D-C4D127-EFA6AF-DG1S7D-3SUHQ8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de axencia informativa de novas e alertas en tempo real (19515-101) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	EUROPA PRESS DELEGACIONES SA	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EUROPA PRESS DELEGACIONES SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.

d) Procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12025-224)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 9 de maio de 2023, de SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I –FEC- do PCAP (“De conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, establécese un limiar mínimo do 50% para a puntuación que se debe obter (22,5 puntos como mínimo), respecto á máxima posible (45 puntos) neste criterio. As proposicións que obteñan unha puntuación inferior ao 50% resultarán excluídas da licitación”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de xestión e dinamización do Centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12025-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL	99,50

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:01	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14D-C4D127-EFA6AF-DG1S7D-3SUHQ8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

particulares (PCAP).

3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 21:01	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A14D-C4D127-EFA6AF-DG1S7D-3SUHQ8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		